

**PREGUNTA DE AER RELATIVA AS OBRAS DA SENDA DO RÍO MACEIRAS, TRAMO AMEAL – PONTE DE LAMA (NO PROXECTO MAL NOMEADO COMO PONTE DE LEMOS). FASE DE REVEXETACIÓN.**

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

*O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:*

*“Como vostedes coñecen, no “Proxecto de actuacións de posta en valor e uso público do río Maceiras. Tramo Ameal – Ponte de Lama” existe unha partida de revexetación valorada en 601 €, onde se indica que:*

*Deberán ademais acometerse labores de revexetación, empregándose dous tipos de implantación vexetal:*

- 1. Plantación con especies arbóreas de especies autóctonas*
- 2. Estaquillado*

*Tendo en conta que a empresa contratada, Construcciones y electricidad Redondela S.A. (Coersa), dificilmente podería asumir directamente este traballo pois pertencen a uns sectores alleo á recuperación medioambiental ou aos traballos de silvicultura e repoboacións, tal como se pode deducir do seu nome.*

*Tendo en conta que parte da labor de estaquillado, tal como ven definida no proxecto de actuacións, non se pode realizar ó non deixar a empresa Cantería Carna ocos nos muros recentemente construídos e que a estación na que nos atopamos non é a idónea para a plantación exitosa de arborado, PREGUNTAMOS:*

***Coñece o concelleiro de medio ambiente se se realizou unha nova subcontratación de empresa para a realización desta fase de rexevetación, que cantidade árbores plantará realmente e que especie van proceder a plantar?”***

**Resposta:** Miguel Álvarez: hai unha dirección técnica, xa houbo unha serie de plantación de árbores.